

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 11 de agosto de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Angel Rivas González

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día once de agosto de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria do Pleno, Sra. Acuña Campos, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a interventora acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(929).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(930).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A AMPLIACIÓN EN 150 PRAZAS DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (PILIVIGO). EXPTE. 12791/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 11.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º PROPOSTA PRESENTADA POR “NEWLINK S.L.”	TOTAL 85 PUNTOS
2º PROPOSTA PRESENTADA POR “SHE-HERENCIA S.L.”	TOTAL 47 PUNTOS

Segundo.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar , New Link, S.L. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requirir a empresa clasificadas en primeiro lugar o aboamento de 598,50 € cada unha en concepto de custe dos anuncios de licitación.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA ACCTAL  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Isaura Abelairas Rodríguez